



**LOITANDO CONTRA
A POBREZA
DENDE O RURAL**

INFORME DE CONCLUSIÓN

CONTIDO DESTE INFORME

Introdución	3
Diagnóstico xeral: a pobreza e a exclusión no medio rural	4
Principais problemáticas detectadas no medio rural.....	4
Actividade do tecido asociativo e organización da comunidade	8
Valoración das medidas para a dinamización do medio rural.....	9
Pobreza, exclusión social e servizos sociais.....	10
Vivenda accesible e digna.....	11
Emprego decente e inclusivo	12
Desenvolvemento da xornada	13
Propostas e medidas concretas	14
Contra a pobreza e a exclusión dende o rural	14
Para unha vivenda digna e accesible no rural.....	15
Para un emprego inclusivo e de calidade no rural.....	16
Outros informes e documentación de referencia	17

Organiza



Subvenciona



Colaboran



INTRODUCCIÓN

Neste informe preséntanse o resultado do traballo realizado no mes de novembro sobre o medio rural e a loita contra a pobreza e a exclusión dende o mesmo.

Este traballo realizouse a través de dúas vías: unha consulta online levada a cabo entre os días 16 de novembro e 2 de decembro, e unha xornada, tamén virtual, o día 4 de decembro.

A consulta foi difundida masivamente a toda persoa e/ou entidade relacionada co mundo rural, e as preguntas estaban dirixidas a avaliar diferentes ferramentas e mecanismos de protección da poboación vulnerable no rural, así como tamén para detectar as principais problemáticas e propostas de acción.

Deste xeito, o informe previo de resultados serviu de base para o diálogo e o debate na xornada 'Loitando contra a pobreza e a exclusión dende o rural'.

Nesta segunda e última fase, o obxectivo último era abordar minimamente as problemáticas detectadas, para centrarse nas experiencias positivas ao longo de anos de traballo no eido rural de diversas entidades, aprendizaxes extraídas e medidas concretas e propostas de mellora das políticas públicas en canto á loita contra a pobreza e a exclusión en sentido amplo, e tamén en aspectos concretos como a vivenda e o emprego inclusivos e dignos.

A continuación, preséntanse tanto os resultados preliminares da consulta como o desenvolvemento e conclusións finais extraídas da xornada, como produto final deste proceso.

DIAGNÓSTICO XERAL: A POBREZA E A EXCLUSIÓN NO MEDIO RURAL

Como se adiantaba na introdución, tratouse dun cuestionario sinxelo, formado por preguntas abertas e pechadas cunha visión cualitativa e sen valor estatístico como tal, senón coa finalidade de coñecer as dificultades e problemáticas detectadas, e sobre todo as propostas e medidas de mellora, nos eidos de pobreza e exclusión, emprego e vivenda.

Foi dirixida a calquera persoa ou entidade vinculada ao medio rural e finalmente obtivo a participación de 58 persoas.

Alternando preguntas xenéricas con outras máis concretas púidose obter unha visión da situación actual. Un diagnóstico que de forma xeral aborda cuestións como a pobreza e a exclusión nun sentido amplo, a xestión dos Servizos Sociais, os recursos postos a disposición e o nivel de coñecemento dos mesmos así como a súa efectividade.

A continuación, preséntanse os resultados obtidos e a identificación de 10 problemáticas principais, que serán a base para a identificación de propostas de mellora.

PRINCIPAIS PROBLEMÁTICAS DETECTADAS NO MEDIO RURAL

Nunha primeira parte da consulta pedíase ás persoas participantes que identificaran as problemáticas principais nos tres eidos (pobreza, vivenda e emprego), a través dunha pregunta aberta (sen opcións de resposta predefinidas).

Para poder facer unha análise ordenada e clara das respostas, creáronse diferentes categorías en función das temáticas máis referidas¹.

As categorías identificadas, que nos dan conta das principais necesidades no mundo rural para a loita contra a pobreza e a exclusión a nivel xeral, son as seguintes:

1. Desinformación e descoñecemento da pobreza no rural.

Nesta categoría se inclúen as respostas que aluden a que os obstáculos na loita contra a pobreza e a exclusión social no rural veñen dados principalmente por percepcións erróneas e prexuízos, así como a desinformación en torno a estas cuestións, ás causas da pobreza e incluso á magnitude da mesma nas contornas rurais, xa que se falta tamén de 'bolsas de pobreza' non identificadas.

"A identificación real da problemática e a posible confusión co parasitismo social".

"Debido á dispersión xeográfica e ao despoboamento de certos núcleos, un dos problemas que me parece importante é a detección desas situacións no medio rural".

Sobre a detección destas situacións, se fala de grupos de "*persoas marxinais*", vencellados co consumo excesivo de alcohol ou mesmo con problemas de saúde mental.

¹ Cabe aclarar neste punto que cando unha mesma resposta trataba varias categorías, foi dividida en varias.

É preciso ir máis alá de indicadores monetarios ou fiscais e falar de situacións de exclusión e soidade non desexada sobre todo de persoas maiores ou minorías étnicas.

Esta invisibilización se produce en moitos casos pola normalización que se fai na contorna social destas persoas, pola desconfianza das institucións públicas, e mesmo por unha visión urbanocentrista: "*se quere facer no rural o que hai nas cidades*" e isto non funciona porque non da resposta ás necesidades e características de cada territorio.

"O avellentamento, a diseminación dos núcleos e a despoboación, son problemas transversais, sen embargo neste eido son potenciadores do problema en gran medida".

2. Insuficiencia de recursos e servizos dispoñibles

A principal problemática identificada é o déficit de inversión pública (local ou autonómica) en políticas sociais dirixidas á poboación rural en situación de vulnerabilidade, así como a escaseza ou a dificultade de acceso a servizos, destacando especialmente o caso do transporte.

"Falta absoluta de recursos de calquera tipo, dende transporte, servizos básicos ata entidades de acción social".

Tamén se fai referencia ao afastamento dos servizos e recursos de emprego e a unha falta de políticas, equipos e servizos contra a exclusión, medidas de conciliación e de apoio na xestión de axudas económicas, asesoramento e formación.

"Non se destinan recursos a equilibrar os gastos que supón o desprazamento para ir aos servizos e os recursos das persoas do rural. Sobre todo maiores con pensións baixas, que destínanse a estes gastos en detrimento do propio coidado persoal".

Faltan recursos específicos, inmediatos e operativos que faciliten unha resposta continuada a diferentes problemáticas (saúde mental, adiccións, etc.). Actualmente isto non é posible xa que os servizos comarcais nesta materia ou non teñen persoal ou non dan cobertura a unha poboación moi ampla.

Por último, unha parte das respostas refírense á escaseza de espazos de encontro e de dinamización social, tanto para a xente maior como para a mocidade, e incluso ao afastamento de moitas entidades de acción social

"Non hai rede social implicada na comunidade, ausencia de espazos de ocio creativo e participativo para as diferentes etapas vitais."

3. Falta de recursos da poboación

Outra categoría sería a referida en termos xerais como a 'falta de recursos' das persoas e familias residentes no medio rural.

Unida a un baixo nivel formativo e de autoestima, fálase de desemprego de longa duración e escasos recursos económicos que propician a entrada na economía somerxida.

"Precariedade dos recursos económicos da unidade familiar".

"Nichos cronificados de persoas que non saen da situación de vulnerabilidade, recursos económicos insuficientes para afrontar gastos de mantemento da vivenda, básicos (rendas mínimas), perda de relacións veciñais, ...".

4. Fenda dixital

Mención a parte merece a chamada fenda dixital, entendida como a capacidade de empregar ás novas tecnoloxías (competencias) e a posibilidade de acceder ás mesmas (recursos). As persoas consultadas refírense en multitude de ocasións, aínda que poucas veces como tema único, xa que se detecta como unha problemática transversal que afecta negativamente ao resto de situacións de exclusión.

"En moitas aldeas nin sequera teñen unha conexión suficiente para o emprego ou a educación, factor indispensable nos tempos que corren".

5. Deficiencias na xestión e coordinación das Administracións Públicas e do Terceiro Sector

Outra categoría identificada ten que ver coa capacidade de atención ás necesidades da poboación pola deficiencia da xestión, recalcando a necesidade de apoio e reforzo dos departamentos de Servizos Sociais dos concellos.

"Rixidez interadministrativa. Falta de coordinación entre entidade e administración. Motivación suxeita ao desembolso de cartos por parte da administración as entidades sociais".

Así mesmo, destaca a mención reiterada á falta de **coordinación entre organismos públicos**, que á súa vez se relaciona cunha chamada "*falta de implicación*". En concreto entre os Servizos Sociais e os de Emprego, pero a nivel xeral tamén se detecta a necesidade de mellorar a coordinación das entidades (públicas ou privadas) que operan nun territorio, co que se facilitarían respostas máis inmediatas ás necesidades da poboación.

"Moita da formación ofertada polas administracións non se reflicten nas necesidades do mercado laboral".

Por último nesta categoría, o **exceso de burocracia** preséntase como unha barreira clave na boa xestión das políticas públicas e na coordinación dos actores implicados, así como no acceso da poboación a servizos e recursos.

"Existen recursos, pero ás veces as persoas usuarias están entretidas danzando dun recurso a outro, sen darlles unha resposta".

6. Accesibilidade, dentro e fora

As barreiras arquitectónicas dentro da vivenda sinálase como unha das principais problemáticas así como as condicións de habitabilidade das mesmas en canto ao illamento térmico, construcións vellas, abastecemento enerxético e saneamento, etc.

"Verdadeiras cárceres".

Pero non unicamente se trata dun problema de portas para dentro. Ampliando a problemática da accesibilidade, esta vez referida aos accesos ás vivendas, camiños, beirarrúas e abastecemento de servizos eléctricos, etc. se fala da necesidade de estender o concepto de vivenda accesible tamén ás infraestruturas do que a rodea.

"Os accesos non son fáciles, problemas de corrente eléctrica, saneamentos, comunicacións".

7. Dificultades para acceder á vivenda digna e axeitada

A escasa mobilización, mesmo ata chegar ao estado de ruína, sinalase en varias aportacións. Fálase de moita vivenda baleira en desuso que nalgúns casos se pon á venda, pero case nunca en aluguer.

“Medo a xestionar a propiedade a través do alugueiro, existencia de prexuízos que implican que os propietarios non queiran ceder/alugar vivenda. Alto sentimento de apego, vinculado coa liñaxe familiar”.

Segundo as aportacións á consulta, no rural hai unha grande cantidade de vivendas baleiras, pero moitas delas están en condicións de habitabilidade mínimas. A inversión precisa para mobilizalas no mercado está fora das posibilidades das persoas con baixo nivel de rendas.

Isto sumado a un plan de rehabilitación de vivendas complicado e escaso, con insuficiente financiación, provoca que moitas vivendas se atopen abandonadas.

“Capacidade económica moi limitada para afrontar intervencións, idade elevada das persoas que habitan as vivendas o que implica pouca motivación para facelas”.

Así mesmo, nesta categoría inclúense respostas relacionadas co elevado prezo da vivenda, e sobre a frecuencia na que os alugueiros asequibles non presentan condicións de habitabilidade aceptables, sumado a unha insuficiencia de medidas de apoio neste senso.

“Difícil o acceso a unha vivenda de aluguer en condicións dignas”.

8. Falta de vivenda pública e en alugueiro no rural

No eido concreto de vivenda, esta destácase como problemática clara. É complexo atopar e acceder a vivenda pública por parte de fogares con rendas baixas, así como a recursos de vivenda para persoas en situación de precariedade e exclusión residencial severa.

“Non hai case ningunha vivenda social, tampouco albergues, nin comedores sociais nin asociacións de acción social. Hai casas vellas, sen illamento e sen calefacción que ás veces poden conseguir pero case sempre coa axuda dun intermediario que os avale”.

Falase aquí da necesidade de poñer a disposición vivenda protexida ou bolsa de alugueiro, facilitando o acceso de persoas en situación de vulnerabilidade.

“Nas zonas rurais non hai apenas vivenda social (nas urbanas tampouco) que axude a superar situacións de infravivenda ou de chabolismo”.

9. Adaptación das medidas de inserción laboral a persoas vulnerables

Concretando no eido de emprego, as persoas que responderon á consulta fan relación en moitas ocasións á formación laboral non axeitada ou insuficiente, xa mencionada anteriormente, pero tamén da falta de sensibilización e información sobre colectivos en risco de pobreza e exclusión e a necesidade de adaptar as condicións dos programas de inserción laboral a diversas realidades non contempladas ata agora.

É precisa a adaptación dos mesmos postos de traballo, en canto a horarios, condicións laborais, etc. pero tamén a adaptación dos programas de emprego en función dos territorios.

"Algunhas empresas só botan man das persoas discapacitadas polos beneficios fiscais".

"Se xa o emprego é escaso, o emprego inclusivo nin se contempla como tal, (salvo honrosas excepcións). Conseguir un mercado laboral aberto e sen discriminacións nun ámbito de escaseza é moi complexo. Sen embargo as zonas rurais sería un entorno privilexiado para fomentar o emprego inclusivo e incluso iniciativas de emprego con apoio".

10. Precariedade laboral e dificultades de acceso ao mercado

Como última categoría detectada, está aquela na que se refiren temas variados sobre as dificultades de acceso a un mercado laboral digno e decente, por cuestións de conciliación, como se mencionaba anteriormente, de desprazamento, de formación e concretamente pola escaseza de oferta, que se menciona en varias ocasións.

Así mesmo, tamén se fai referencia ás condicións de precariedade e temporalidade e ás dificultades para o emprendemento.

"Enormes dificultades para atopar traballo e facer vida no medio rural, e aínda en vilas do entorno, por desinterese administrativo polas granxas familiares, polo abandono da busca dunha soberanía alimentaria, por non desenrolar capacidades produtivas propias".

"Poucas posibilidades de traballo, en precario, mal retribuído e valorado".

ACTIVIDADE DO TECIDO ASOCIATIVO E ORGANIZACIÓN DA COMUNIDADE

En moitas zonas rurais, segundo comentan as persoas consultadas, o tecido asociativo é escaso, está invisibilizado ou as asociacións existentes no concello se centran en actividades puramente culturais e de ocio, sen ter a pobreza e a exclusión social como foco.

Por outra banda, as entidades sociais e os grupos de solidariedade, moitas veces están **centradas en accións asistencialistas unicamente** (recollida de roupa, alimentos ou recadacións de fondos puntuais con fins solidarios, etc.) *"sen dar o seguinte paso de cara a resolver o problema".*

Outra liña de aportacións destacaba a **dificultade de dirixirse á comunidade no seu conxunto**. O tecido asociativo está implicado nas causas ás que se enfronta, pero outra cousa máis complexa é facer disto un proceso comunitario, xa que as medidas adoitan dirixirse e aplicarse nas persoas ou grupo de persoas concreto ao que van dirixidas.

Neste senso, **falta coordinación e traballo conxunto** entre entidades, administracións, empresas e todos os axentes sociais implicados. As persoas que responderon á consulta nos falan dunha falta de visión global e a longo prazo que vaia máis alá da xustificación das subvencións ou do peche do ano.

Finalmente, faise tamén fincapé en que, aínda que mellorable, a acción das entidades e da comunidade do rural organizada é especialmente meritosa, e a que realmente soluciona situacións de pobreza e exclusión. En concreto, os movementos sociais e entidades do terceiro sector, son a canle de acceso de numerosas persoas aos seus dereitos. E todo isto, destacan, con escasos recursos e medios.


VALORACIÓN DAS MEDIDAS PARA A DINAMIZACIÓN DO MEDIO RURAL

Como veremos ao longo deste documento, unha problemática engadida na contorna rural, é o seu despoboamento. Preguntadas sobre a futura Lei de Impulso Demográfico de Galicia, pediúselle ás persoas que puntuaran de 0 a 10 as medidas que inclúe, sendo o un baixo nivel de eficacia e 10 o máis alto. A puntuación media obtida foi de 4,1 puntos.


Así mesmo, das persoas que responderon á consulta, so un 25,9% coñecían algún proxecto posto en marcha dentro do **Programa de Desenvolvemento Rural**, con fondos FEADER. Relacionados coa alfabetización dixital, formación de persoas mozas, inclusión laboral, axudas ás industrias agrícolas ou gandeiras, forestais, banco de terras, mellora de camiños, etc. En definitiva, accións moi variadas pero das cales se indica que, ademais dunha baixa incidencia, non teñen a loita contra a pobreza como elemento central.

En concreto, os Programas de Desenvolvemento Rural obteñen unha puntuación media de 4,7. Esta puntuación é resultado da pregunta 'Cres que está sendo efectivo o Programa de Desenvolvemento Rural/FEADER 2014-2020 para reducir a pobreza no rural en Galicia?', ante a que as persoas consultadas aportaban unha valoración do 1 ao 10.

COÑECES ALGUNHA MEDIDA OU PROXECTO DENTRO DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL / FEADER 2014-2020 PARA REDUCIR A POBREZA OU A EXCLUSIÓN NO RURAL EN GALICIA?



TES RELACIÓN CON ALGÚN GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL (GDR)?



O mesmo ocorre cos **Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR)**, cun nivel de preocupación e desconfianza sobre se o seu deseño é o idóneo para loitar contra a pobreza e a exclusión social e unha valoración media de 5,5 sobre 10 na súa eficacia.

O 62,1% das participantes manifestaron non ter relación con ningún GDR. As persoas que si coñecen, indican que a baixa puntuación outorgada se debe sobre todo a unha


distancia e contacto coa realidade dos territorios, ademais dun exceso de burocracia e pouco persoal e medios nos concellos.

Por último, solo dúas das persoas consultadas teñen relación con algún Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP).

POBREZA, EXCLUSIÓN SOCIAL E SERVIZOS SOCIAIS

Avanzando no diagnóstico, quixemos preguntar sobre diferentes ferramentas e recursos de loita contra a pobreza e a exclusión. As persoas participantes valoraron de 1 a 10 a súa eficacia e a efectividade, obtendo as seguintes notas medias:

VALORACIÓN DA EFICACIA E EFECTIVIDADE NA LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN:




Sobre o **acceso aos Servizos Sociais** no medio rural, cunha valoración media de 5 puntos sobre 10, as persoas que quixeron ampliar e xustificar a súa resposta, destacan que os tempos de resposta ás necesidades están moi dilatados, centrados na burocracia en moitos casos e mesmo colapsados pola falta de persoal de atención.

A ferramenta da **Tarxeta Básica** obtén unha puntuación media de 5,3 puntos. Algunhas das persoas consultadas refiren que descoñecen a prestación, dada a súa recente implementación. Outras destacan que se trata dunha medida positiva, pero pendente de mellorar xa que non chega a toda a poboación á que debería chegar ou pola necesidade de desprazamento aos establecementos nos que se pode empregar.

Pola súa banda, sobre o **Ingreso Mínimo Vital**, que obtén unha nota media de 4,5 puntos, destácase a lentitude da xestión e as complicacións engadidas pola falta de apoio no medio rural. Ademais, o límite de acumulación de recursos está baseado na familia nuclear, mentres que no eido rural é común a convivencia da familia extensa, polo que se supera este límite e non se ten acceso.

VIVENDA ACCESIBLE E DIGNA

VALORA DE 0 A 10 O GRAO DE ACCESO DA POBOACIÓN DO RURAL A VIVENDA ACCESIBLE E DIGNA, ADAPTADA ÁS SÚAS NECESIDADES



Sobre grao de **acceso da poboación á vivenda accesible**, digna e adaptada ás súas necesidades no medio rural, as persoas consultadas lle dan unha puntuación media de 4 puntos.


Algunhas das xustificacións que sustentan esta baixa puntuación, son a tipoloxía das casas do rural galego (edificacións con escaleiras, accesos reducidos, baños non adaptados, etc.) ademais do comentado anteriormente sobre a inexistencia ou escaseza de vivendas en réxime de alugueiro e a pouca mobilización da mesma.

As persoas consultadas refiren que a pouca vivenda adaptada dispoñible se aluga como aloxamento turístico nos meses de verán, e destácase como problemática clara a accesibilidade para persoas con mobilidade reducida.

E queda tamén reflexado no 94,8% das persoas consultadas que consideran que as persoas en situación de pobreza e exclusión teñen **dificultades para acceder a unha vivenda** no medio rural. Isto debido sobre todo ao empobrecemento da poboación, segundo sinalan, e á desconfianza e discriminación que se produce cara a persoas e colectivos en situación de exclusión social.


Así como no 82,8% que constata o que se comentou anteriormente sobre a **falta de oferta de vivenda en réxime de alugueiro** no rural. Esta é insuficiente xa que as propietarias senten recelo á hora de poñer as súas vivendas no mercado ou ben non contan cos medios para levar a cabo o proceso de adecuación e aluguer.

CRES QUE AS PERSOAS EN SITUACIÓN DE POBREZA E EXCLUSIÓN TEÑEN DIFICULTADES PARA ACCEDER A UNHA VIVENDA NO RURAL?



■ Si ■ Non

CONSIDERAS QUE A OFERTA DE VIVENDA EN ALUGUEIRO É SUFICIENTE?



■ Si ■ Non


EMPREGO DECENTE E INCLUSIVO

Preguntadas polo acceso da poboación rural aos Servizos de Emprego Públicos, o 77.6% das persoas consideran que este non é axeitado, debido ás demoras para obter citas, aos trámites excesivamente burocratizados e mesmo á distancia que teñen aos mesmos, difícil de cubrir se non contas cos medios suficientes (coche propio, transporte público, etc.).

Por outra banda, indícase unha certa facilidade no acceso aos mesmos, pero sen garantir un emprego, xa que as ofertas "corren por boca-orella ou na web", polo que a fenda dixital e a exclusión se volven factores determinantes á hora de conseguir un traballo.


Confirmando todo o comentado, considérase que a Administración Local e Autonómica contribúe ao emprego inclusivo en baixa medida, puntuando este fomento cunha media de 3,6 sobre 10, e xustificándoa sobre todo no descoñecemento de que se estea levando a cabo ningunha acción deste tipo. No caso de levarse a cabo, estas medidas non están adaptadas ao territorio concreto ou faltan medios para a súa efectividade.

EN QUE GRAO VALORAS QUE A ADMINISTRACIÓN LOCAL/AUTONÓMICA CONTRIBÚE AO EMPREGO INCLUSIVO E AO FOMENTO DA ECONOMÍA SOCIAL NO RURAL?




Por último neste eido, previamente se identificaba unha categoría sobre a necesidade de adaptar á oferta formativa ás necesidades do mercado, e aquí se confirma coa puntuación media que recibe a formación para o emprego, que é dun 3,2 sobre 10.

CONSIDERAS QUE A FORMACIÓN PARA O EMPREGO OFRECIDA É AXEITADA E ADAPTADA ÁS NECESIDADES DO MERCADO DE TRABALLO?



A falta de relación co tecido empresarial, a esixencia do mercado laboral, a motivación do persoal docente, a visión urbanocentrista dos cursos, e en definitiva, a falta de avaliación das necesidades de formación, provocan este desaxuste e a consecuente dificultade engadida para acceder a un posto de traballo.

CONSIDERAS QUE O ACCESO AOS SERVIZOS DE EMPREGO PÚBLICOS É AXEITADO?



DESENVOLVEMENTO DA XORNADA

O día 4 de decembro, organizada por EAPN España e EAPN Galicia, coa colaboración da Federación Terra e Xente, levouse a cabo a xornada '**Loitando contra a pobreza e a exclusión social dende o rural**'.

O programa da mesma foi deseñado para analizar brevemente as problemáticas detectadas no medio rural respecto á pobreza, exclusión social, vivenda e emprego e centrarse posteriormente en **propostas de acción positivas e aprendizaxes extraídas das experiencias** de diferentes entidades.

Coa participación online de máis de 60 persoas, tras unha inauguración de Eloina Ingerto, presidenta da EAPN-Galicia, comezouse cunha mesa de diálogo sobre a situación do rural en España e Galicia, na que interviron representantes da Administración Pública e do Terceiro Sector de Acción Social.

Neste espazo presentáronse os retos principais na loita contra a pobreza e a exclusión no medio rural, así como os principais resultados da consulta previa.

Nunha primeira intervención, Tamara Balboa, presidenta de COCEDER España, destacou os diferentes retos que o rural galego ten que afrontar, como por exemplo o demográfico, a distancia de servizos básicos e infraestruturas deficientes, a educación ou un mercado de traballo con taxas de desemprego máis baixas, pero persistentes e con gran temporalidade.

A continuación, levouse a cabo unha panel de experiencias titulado 'Propostas dende as boas prácticas', nas que as entidades [CDR O Viso](#), [Federación Galega de Turismo Rural](#), [Asociación Daquí Darredor](#), [Cooperativa Milhulloa](#), [COGAMI](#) e a [Fundación Entretantos](#) destacaron diferentes puntos clave a ter en conta, froito das aprendizaxes extraídas da súa traxectoria.

Finalmente, traballouse en 3 grupos simultáneos sobre pobreza e exclusión, vivenda e emprego, de aproximadamente 12 participantes cada un.

A dinámica a seguir foi a análise das propostas previas obtidas da enquisa para a continuación amplialas, matizalas, ou propoñer novas medidas. Os resultados deste traballo amósanse nos epígrafes seguintes.

PROPOSTAS E MEDIDAS CONCRETAS

CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN DENDE O RURAL

- Non facer "caridade", clientelismo e si cidadáns que reportemos á sociedade todo o que nos aporta.

"O clientelismo e algo que está moi presente na comunidade. Relacionado sempre coas relacións de poder entre as veciñas e veciños, relacións establecidas desde fai anos. Sensibilizar e falar disto para poder desmontalo e que as persoas se empoderen, tomen a palabra e ocupen o seu lugar".

- Mobilizar os recursos infrautilizados.
- Compartir servizos en zonas de pouca poboación, facilitando a accesibilidade e dispoñibilidade nos desprazamentos (frecuencias transporte público, accesibilidade dos transportes, etc.)

"Necesidade urxente de transporte cara a novos poboadores e cun enfoque verde".

- Servizo de transporte gratuíto para ir ao médico, compra, etc.
- Mellora dos servizos sociais: coñecemento, acceso, tramitación, seguimento, presenza activa

"Inversión inxente en infraestruturas, centros de días, novas inversións... Non se aproveitan os edificios existentes. Escolas, casas dos médicos, cuarteis, edificios das propias institucións sen utilizar".

- Oficinas móbiles polas aldeas para tramitar e apoiar en cuestións administrativas cada vez máis farragosas. Achegar os servizos as persoas polo menos de xeito alternativo (servizos itinerantes).
- Facilitar o acceso ao carné de conducir para persoas sen recursos.
- Máis acompañamento ás persoas maiores, como os "coidadores de barrio", para persoas que están moito tempo/sempre soas.
- Os traballos sociais deben estar menos burocratizados e tratar máis ás persoas. Moitas veces non se pode facer prevención nin atender ás persoas porque os traballadores sociais están facendo de xestorías administrativas.
- Estudo dos criterios de acceso ás rendas sociais (simplificar o acceso, cun maior control no mantemento e xustificación das axudas: presencial, con maior participación en tempo das persoas adxudicatarias destas axudas).
- Aproveitar os recursos comunais e en desuso da administración e reactivalos, facilitando o acceso aos mesmos.
- Creación/fortalecemento de redes de cooperación co fin de promover a mellora da calidade de vida das súas persoas e territorios.
- Creación de puntos de acceso gratuíto a internet (xa existen nalgún concello) e formación básica en tecnoloxías.
- Espazos de diálogo e tecido na comunidade rural.
- Fomentar a participación real da comunidade a través do seu empoderamento.
- Contar coa visión e experiencia das persoas que viven no territorio para deseñar programas e planes. No rural existe a capacidade de compartir e de organizarse conxuntamente, aproveitémolo.

PARA UNHA VIVENDA DIGNA E ACCESIBLE NO RURAL

- Axudas para a rehabilitación ou mellora de vivenda en entorno rural baixo o enfoque da sustentabilidade, xunto á capacitación de profesionais como un novo sector profesional. Deben ser flexibles, sen excesivos límites ou requisitos que xeran que a xente non opte por rehabilitar.
- Establecer un diagnóstico no que se recolla a demanda de vivenda xunta á oferta existente no rural á par que se valoren os motivos do abandono.

"Igal de importante é atraer nova poboación, como evitar que se marche a que xa está".

- Unha das grandes dificultades da vivenda no rural é que non ten propietario (se descoñece, varios propietarios,...) o que xera que se vaia deteriorando ao non contar con alternativas que motiven verdadeiro interese na recuperación, alugueiro ou cesión das propiedades. Permite o deterioro da mesma sen que exista ningún tipo de penalización por elo.
- Implementar o 'Programa de vivendas baleiras' na contorna rural, motivando a adhesión de máis concellos.
- A administración autonómica e local ten que liderar e apoiar as propostas de proxectos en vivenda que se desenvolven no rural.
- Que a Xunta actúe como garante, faga algún tipo de seguro,

"Hai desconfianza por parte da poboación tanto nos bancos de terras como nos de vivenda, pero sería necesario que estas propostas contasen cun maior respaldo da administración".

- Estudar canta xente ten vivendas abandonadas no rural e de algún xeito incentivar a que as aluguen.
- Banco de vivendas dignas e inversión para comprar e/ou expropiar vivendas para amañar e poñer a disposición das persoas.
- Xerar un banco de vivendas municipal, comarcal...que de seguridade aos propietarios e facilidades aos inquilinos.
- Bonificacións fiscais por facer alugueiros inclusivos e accesibles, seguro de vivenda avalado polo concello e concienciación da necesidade de vivenda accesible.
- Lexislado para que a vivenda sexa un dereito. Necesidade de regular o custo da vivenda en réxime de alugueiro, ao igual que ocorre en contornas urbanas.
- Rehabilitar as vivendas baleiras con fondos públicos e non telas cerradas senón que dispoñan das mesmas para poñelas en aluguer ou en venda, con prezos regulados.
- Plan de eliminación de barreiras arquitectónicas, máis facilidades para acceder á adaptación dos baños, etc.

"A rehabilitación ten que ir encamiñada á eliminación das barreiras arquitectónicas, non unicamente nun grupo determinado de vivendas senón de forma xeral. Mentres non se implemente desta forma as persoas con discapacidade non poderán vivir nunha contorna integradora".

PARA UN EMPREGO INCLUSIVO E DE CALIDADE NO RURAL

- Promover a diversificación dos sectores profesionais a través do fomento de cooperativas de produción local, así coma a compra e venda dos produtos dende as institucións.
- Impulso e apoio a Empresas de Inserción no ámbito rural. Hortos sociais e bancos de alimentos frescos e saudables.

"Fundamental o traballo en rede que é o que posibilita o desenvolvemento e poder camiñar cara unha economía social e sostible".

- Formación e asesoramento para o autoemprego en base a actividades agrícolas e gandeiras.
- O emprego verde e a atención a maiores nos seus domicilios.
- Impulso e apoio a Empresas de Inserción no ámbito rural que posibiliten a empregabilidade na zona de residencia habitual das persoas, e que estas podan facer un acompañamento a medida.
- Formación continua para o rural, que haxa apoio á innovación no rural.
- Promoción do cooperativismo, redución de impostos e favorecer a sustentabilidade ambiental apoiándose nas comunidades de montes e Augas.

"O feito de instalarse no rural, implica moitas veces gastos a maiores que nas cidades non se ten, por exemplo, o transporte (algo fundamental). Agora mesmo instalarse no rural sen un coche é imposible".

- Maior coordinación e divulgación das accións existentes que son moi escasas, polo que habería que aumentalas con orzamentos municipais e autonómicos para facelos estables e accesibles a todas as persoas que o demandan e que o necesiten e o queiran.
- Adaptar os cursos para o emprego á realidade social e territorial, e impulsar a formación profesional adaptada ás oportunidades laborais e ás potencialidades económicas do territorio.
- Facilidades para o acceso a terra (bancos de terra, sistema mancomunado..) e a formación axeitada as necesidades de cada área rural.
- Impulsar dinámicas locais que fomenten o emprego no rural das persoas que xa viven nel desde o empoderamento e a persecución dunha economía social.
- Fomentar o transporte público no rural para evitar que este sexa un impedimento no acceso ao emprego.

"O rural sen as persoas non ten razón de ser. Ás veces nos empeñamos en facer cousas sen crear as condicións e dar o acompañamento a determinadas persoas que podan servir de líderes para que os proxectos vaian adiante".

- Fomentar os obradoiros de emprego, curso AFD (con obtención de certificado de profesionalidade) en nichos de mercado con alta empregabilidade, pero adaptando a formación á realidade social e territorial
- Formar e contratar grupos de mozos que funcionen como modelos e facilitadores de proxectos de autoemprego para que a xente vexa que si se pode.
- Achegar o rural á formación profesional e universitaria para que este sexa visto como unha alternativa viable para o desenvolvemento profesional.

- Asegurar que os grandes fondos públicos estables e os novos para a reactivación económica trala Covid-19 destinen unha partida á loita contra a pobreza e a exclusión social desde o rural, posibilitando a financiación estable das entidades sociais.

OUTROS INFORMES E DOCUMENTACIÓN DE REFERENCIA

- [*Oportunidades sectoriais para entidades de economía social*](#). Foro pola Economía Social Galega (2020)